

ONDE TODO É POSIBLE

OBRADOIROS DIDÁCTICOS PARA ESCOLARES DE INFANTIL (60Min.) E PRIMARIA (90Min.)

Os obxetivos das experiencias didácticas deseñadas para **Onde todo é posible** pretenden:

- Transformar unha visita a unha exposición nunha experiencia lúdica e educativa.
- Mergullar aos participantes no polifacético mundo creativo de Luis Seoane proporcionando unha visión ampla das múltiples técnicas e procesos para desenvolver a creatividade.
- Facilitar a comprensión de conceptos relacionados coa materia, as cores e as formas dun xeito interactivo.

O **Mestre Seoane** conduciranos por unha exposición na que os pequenos e pequenas terán un papel activo e moi participativo. Ao longo deste percorrido plantexaranse unha serie de propostas interactivas de carácter educativo. Diversas actividades que implican observación, análise e creatividade conforman o obradoiro.

O obradoiro estrutúrase en distintos **Módulos Didácticos (Módulo das Cores e das Formas, do Grabado, da Materia e das Texturas)** nos que os participantes realizarán divertidos traballos baseados en diversas técnicas e xogos relacionadas coas obras circundantes. Ao final da experiencia configurarán un orixinal **Caderno de Artista** cos seus traballos.

BESTAS INVENTADAS

OBRADOIROS DIDÁCTICOS PARA ESCOLARES DE ESO. 90Min.

Na experiencia didáctica deseñada para **Bestas inventadas** mergullaremos aos participantes no polifacético mundo creativo de Luis Seoane, proporcionando unha visión ampla das múltiples técnicas e procesos para desenvolver a creatividade.

Misturaremos diferentes técnicas creativas coas que confeccionarán unha sinxela versión dunha matriz de grabado (usando un metal brando) cun deseño inspirado nos *bestiarios* de Luis Seoane. Con papéis imprimados con cera e cores realizarán varias impresións usando técnicas derivadas do *grattage*. Aquí o prensado faise por arrastre e remátase esgrafiando a superficie.

NÓS MESMOS, MÍTICOS

OBRADOIROS DIDÁCTICOS PARA ESCOLARES DE BACHARELATO. 90Min.

A camisola é un dos medios de expresión da identidade máis relacionado coa xuventude. Camisolas dos grupos favoritos, ou con expresións irónicas que buscan a comunicación aberta, coma unha declaración de intencións, ou coa exhibición de marcas comerciais, sen dúbida algunha forman parte fundamental da construción da identidade na adolescencia. Neste caso, no obradoiro **Nós mesmos, míticos**, buscaremos unha imaxe de identidade propia, unha creación única que fale de nós, de cada un.

Crearemos un deseño inspirado nos mundos míticos do artista que estamparemos nunha camisola cunha técnica propia que imita a serigrafía. A cor aplicarase mediante

estarcido (unha técnica que utilizou nos anos mozos o propio Luis Seoane) nun espazo aberto, usando plantillas.

LEMBRA! CADA PARTICIPANTE TERÁ QUE LEVAR Ó OBRADOIRO UNHA CAMISOLA PREFERIBLEMENTE DE ALGODÓN BRANCO.

LABORATORIOS CREATIVOS PARA ADULTOS

LABORATORIO DE FORMAS E CORES

OBRADOIROS DIDÁCTICOS PARA FAMILIAS. 90Min.

No **Laboratorio de formas e cores** crearemos unha peza cerámica en frío pintada. A orixinalidade da proposta atópase en que nós mesmos faremos a pasta cerámica cunha receita caseira que calquera poderá repetir. Pintaremos a peza cunhas cores “únicas”, misturando as primarias.

LABORATORIO DE FORMAS

OBRADOIROS DIDÁCTICOS PARA COLECTIVOS DE INTEGRACIÓN E DISCAPACIDADES. 90Min.

No **Laboratorio de formas** traballaremos cunha pasta de modelar (tipo plastilina) que terá a cualidade de non ser tóxica e ademais estará feita cunha receita caseira que poderedes repetir no voso centro. A liberdade creativa é total e calquera poderá disfrutar desta experiencia plástica sen barreiras.

LABORATORIO DA MATERIA E DAS TEXTURAS

OBRADOIROS DIDÁCTICOS PARA COLECTIVOS DE ADULTOS. 60Min.

Dentro dos distintos **LABORATORIOS CREATIVOS** deseñados para o disfrute dos maiores, no **Laboratorio da Materia e das Texturas** experimentaremos a creación de primeira man, literalmente coas nosas mans. Mediante unha serie de propostas lúdicas i educativas tentaremos achegar a figura de Luis Seoane a todos os públicos dun xeito orixinal e creativo, que permitirá unha comprensión da obra do artista dende a práctica, explorando algunhas das técnicas creativas que utilizou ao longo da súa vida. Pretendemos así profundizar na comprensión da arte a través da expresión da propia creatividade.

INFORMACIÓN E RESERVAS EN:

tonechootero@ludidactica.com

Ou chamando ao Tlf: **692407612**